

A Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 9 de outubro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 15651 (10/POC-002827)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as razóns que posibilitan a concesión polo Inega dunha axuda de 1.000.000 de euros para a execución do proxecto de construción dun planta de biomasa no concello de Melide  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017*

- Punto 2.** Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei sobre a Proposición de lei de fomento de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009).  
*Publicación do informe da Ponencia, BOPG n.º 188, do 6 de outubro de 2017*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

- 3.1 6475 (10/PNC-000654)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para lle posibilitar á veciñanza do concello de Cartelle unha cobertura telefónica axeitada e a conexión á Internet polo sistema de satélite 3G ou polo sistema terrestre cunha calidade aceptable, así como para o desenvolvemento do Plan de banda larga de Galicia 2020  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*
- 3.2 7770 (10/PNC-000813)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis  
Sobre a posición que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa inclusión dos impostos enerxéticos e ambientais establecidos pola propia

Administración autonómica nos suplementos territoriais, así como o seu pagamento polas persoas consumidoras galegas

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017*

3.3

17115 (10/PNC-001425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos incrementos previstos polo Ministerio de Enerxía e as compañías eléctricas no recibo da luz dos consumidores galegos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/10/2017 17:21:08**